







A TORRE DE CELAS









Ola! Esta que vedes aquí son eu: unha torre, pero non unha torre calquera, son a TORRE de CELAS, porque é en Celas onde vivo.

Vou contarvos un pouco a miña historia.



Teño moitos, moitos anos. Din que teño a cachola dura como unha pedra. Home claro!



É que estou feita de pedra!





Antes, ao meu carón, había un castelo, pero algunha xente e moitas batallas acabaron con el.






Aínda me lembro daqueles tempos nos que me entretiña coa xente que aquí vivía.

Era xente importante, bueno, digamos que rica, moi rica e poderosa. Direivos que uns dos meus donos foron os Condes de Andrade.

Vestían moi diferente a como vestides hoxe. Con roupas elegantes pero, ás veces, un pouco incómodas










Celebraban festas e banquetes nos que se comía e bebía sen descanso. Por suposto non tiñan electrodomésticos nin utensilios de cociña como hoxe.








www.shutterstock.com · 1588806












Para entreterse organizaban torneos e xogos entre cabaleiros, que ademais de espectáculo servía como entreno para a guerra.











Porque o peor desta época eran as pelexas e as guerras entre os pobos. O castelo era un bo refuxio e eu era moi útil para que os soldados puidesen vixiar os arredores.

Non sabedes cantas veces sentin asubiar as flechas ao meu carón, e o ruído das espadas e as lanzas cando batían nos escudos ou armaduras do inimigo.








Daríala calquera cousa por cambiar ese ruído polo son das campás cando repinicaban con ledicia. Ah! Porque non volo dixen, pero en fronte de min hai unha pequena igrexa máis antiga aínda que eu, e que segue estando aí despois de tantos anos.







Os domingos sobre todo, acudía moita xente que non era tan rica como a que vivía aquí no castelo. Algúns contaban que traballaban moito e aínda así, ás veces, pasaban fame. A maioría eran campesinos, cultivaban as terras pero a maior parte do que producían ía parar ás mans dos señores, donos dos terreos. Tamén oín falar dos seus oficios a ferreiros, carpinteiros, oleiros, panadeiros, canteiros...






*campesino*

*ferreiro*

*oleiro*



*canteiro*









Pero bueno, todo isto aconteceu hai moito, moito tempo.


Hoxe son outra. Xa ninguén se me sobe enriba para vixiar ou pelexar. Hai uns anos empezaron a traer curiosos obxectos que me lembraban épocas pasadas: vestidos, ferramentas de traballo...










... E empecei a oír falar dun tal Museo. Pouco a pouco descubrín que estaban falando de min : eu era o Museo. As campás da igrexa escachaban coa risa. Dicían que por riba de ser vella , agora estaba chea de trastos. Tiven que explicarlles que nun museo gárdanse cousas valiosas, moitas veces antigas, pero que a xente quere conservar porque son parte da súa historia. A mín limpáronme e puxéronme guapa. A verdade é que me encanta o meu novo traballo, vouvos dicir como me chaman, aínda que é un nome un pouco difícil: Museo etnográfico do concello de Culleredo.





Ademais vivo nun lugar precioso, rodeada de árbores e vexetación que vai mudando o seu traxe ao longo do ano, como se dun cadro xigante se tratase. Escoito aos paxariños que se pousan nas miñas almenas e o croar das ras que habitan na canle e na charca que atravesa o parque. De cando en vez recibo a visita de nenos e nenas que veñen xogar ao parque, a pasear ou de festa. Son feliz mirando como corren e rin, ao tempo que coidan e respectan a natureza..





Ás veces, algún párase preto de min e faime cóxegas cos seus dedeiros. Outras veces, quedan calados admirando a miña altura e fortaleza. Nos seus ollos adiviño que están soñando con cabaleiros e princesas.

